


INFORME DE ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

(Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural)

Curso 2017/2018

R1 DO-0201 P1



INFORME DE ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Índice

I.	Información xeral	2
II.	Coordinación	2
III.	Accións de coordinación	2
	3.1. Calendario de xestión da planificación académica	2
	3.2. Reunións de coordinación da CAM	3
	3.3. Accións académicas docentes: horarios, avaliación, TFM, Prácticas, Guías docentes, plataforma teledocencia	5
	3.4. Accións académicas da titulación: modificación do plan de estudos, acreditación da titulación	7
IV.	Conclusións	8

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Máster universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Historia
Modalidad	Semipresencial
Plano de estudos	Curso 17-18: Plan 2014 [Curso 18-19: Plan 2018]
Curso de implantación	2014/2015

II. COORDINACIÓN

Coordinación de título	Fermín E. Pérez Losada		
Coordinadores de módulo docente	Módulo	Coordinador	Centro
	Módulo 1	Fermín Pérez Losada	Fac.Historia
	Módulo 2	Belén Riveiro Rodríguez	Escola Enxeñaría Industrial
	Módulo 3 (sen docencia en 17-18)	Fermín Pérez Losada	Facultade de Historia
	Módulo 4	Beatriz Comendador Rey	Facultade de Historia
	Prácticas Externas	Beatriz Vaquero Díaz	Facultade de Historia
	Traballo Fin de Máster	Domingo Rodríguez Teijeiro	Facultade de Historia
CAM	Cargo	Responsable	Centro
	Coordinador	Fermín Pérez Losada	Facultade de Historia
	Secretario	Adolfo Fernández Fernández	Facultade de Historia
	Vogal	Belén Riveiro Rodríguez	Escola Enxeñaría Industrial
	Vogal	Mercedes Solla Carracelas	Centro U. de Defensa
	Vogal	Elena de Uña Álvarez	Facultade de Historia
	Vogal	Natalia Caparrini Marín	Esc. Enx. Minas e Enerxía


III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN









3.1. CALENDARIO DE XESTIÓN DA PLANIFICACIÓN ACADÉMICA (CURSO 2017-2018)





TAREFA	RESPONSABLE	DATAS
Aprobación PDA e oferta prazas Máster	CAM / Xta. Fac.	Febreiro 2017
Aprobación POD	CAM / Cons. Dep.	Marzo 2017
Elaboración da modificación do plan de	Coord. / CAM	Marzo-Xuño 2017

estudos para o curso 18-19		
Aprobación definitiva da modificación do plan de estudos para o curso 18-19	CAM / Xta Fac	Xullo 2017
Elaboración e revisión de Guías Docentes	Profesorado / Coord.	Xuño 2017
Aprobación das Guías Docentes	CAM	Xullo 2017
Elaboración do calendario xeral, horarios, probas de avaliación, cronograma de Prácticas e TFM	Coord.	Xuño-Xullo 2017
Aprobación do calendario xeral, horarios, probas de avaliación, cronograma de Prácticas e TFM	CAM	Setembro 2017
Listaxes valoradas de admisión no Máster	CAM	Xullo-Setembro 2017
Elaboración e revisión de cursos virtuais na plataforma Moodle	Profesorado / Coord.	Setembro 2017 en diante
Programación e aprobación do PAT	Respons. PAT / CAM	Setembro 2017
Aprobación solicitudes e tribunais de TFM para convocatoria adiantada	CAM	Novembro 2017
Asignación provisoria de titores para Prácticas externas	CAM	Xaneiro 2018
Aprobación solicitudes e tribunais de TFM para convocatoria xuño e xullo	CAM	Marzo 2018
Asignación definitiva de titores para Prácticas externas	CAM	Abril 2018
Convocatoria bolsas propias de mobilidade para prácticas	CAM	Abril 2018
Avaliación da ACSUG para renovación da acreditación do Máster	Fac. Historia	Maio 2018
Asignación tribunais TFM para convocatoria de xuño	CAM	Xuño 2018
Asignación tribunais TFM para convocatoria de xullo	CAM	Xullo 2018
Aprobación Informe de coordinación	Comisión de calidade	Setembro 2018
Aprobación Informe de coordinación	CAM / Xta Fac	Setembro 2018

3.2. REUNIÓN DE COORDINACIÓN DA CAM

Data	Orde do día	Documento xustificativo
23/02/2017	1.- Aprobación, se procede, da actas das reunións anteriores: Ordinaria e Extraordinaria do 9 de febreiro de 2017. 2.- Aprobación, se procede, das horas de PDA máxima, con recoñecemento en POD, para o curso 2017-2018. 3.- Aprobación, se procede, da oferta de prazas do máster para o curso 2017-2018. 4.- Reparto da bolsa de horas de recoñecemento do máster para o curso 2017-2018. 5.- Aprobación, se procede, da declaración de interese para modificación do Máster no curso 18/19.	 Acta_CAM_2017_02_23.pdf

29/03/2017	1. Aprobación, se procede, da acta sesión anterior (23/02/2017) 2. Informe do Coordinador. 3. Aprobación, se procede, do POD do máster para o curso 2017-2018. 4. Aprobación, se procede, da listaxe definitiva de prácticas ou de recoñecemento de créditos das mesmas para o alumnado do curso actual. 5. Proposta de directrices e criterios xerais para a modificación do máster no curso 2018-2019. 6. Rogos e preguntas	 Acta_CAM_2017_03_29.pdf
13/06/2017	1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da CAM do 29 de marzo de 2017. 2. Informe do coordinador 3. Aprobación, se procede, do protocolo e calendario de actuación, e asignación de tribunais, para a lectura e defensa de TFM's na convocatoria de xuño de 2017. 4. Alegacións da VOAP á modificación da memoria do título do Máster para o curso 18-19. 5. Aprobación, se procede, da execución de gastos correspondentes ao 2º cuatrimestre do curso 16-17 6. Rogos e preguntas	 Acta_CAM_2017_06_13.pdf
11/07/2017	1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da CAM do 13/06/2017 2. Informe do Coordinador 3. Aprobación, se procede, da asignación de tribunais para a lectura e defensa de TFM's na convocatoria de xullo de 2017. 4. Aprobación, se procede, da listaxe provisional de admisión no Máster para o curso 2017-2018, correspondente ao 1º prazo de preinscrición. 5. Aprobación da modificación da memoria do título, unha vez incluídas e respostadas as alegacións feitas pola VOAP. 6. Proposta de nomeamento de novo(s) membro(s) da CAM. 7. Aprobación, se procede, das guías docentes (DocNet) do Máster para o curso 2017-2018. 8. Rogos e preguntas	 Acta_CAM_2017_07_11.pdf
07/09/2017	1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 11/07/2017. 2. Aprobación, se procede, da listaxe provisional de admisión no Máster correspondente ao 2º prazo de preinscrición. 3. Aprobación, se procede, do calendario xeral, horarios das materias, probas de avaliación e cronograma do TFM para o curso 2017-2018. 4. Aprobación, se procede, do PAT para o curso 2017-2018. 5. Rogos e preguntas.	 Acta_CAM_2017_09_07.pdf
15/11/2017	1. Aprobación, se procede da acta da CAM precedente. 2. Informe do Coordinador 3. Informe favorable, se procede, de 1 solicitude de matrícula a Tempo Parcial. 4. Informe favorable, se procede, de solicitudes (4) de convalidación de Prácticas e doutras materias do Máster. 5. Asuntos económicos: informe de execución de gasto do exercicio 2017 e propostas/criterios para a execución do orzamento 2018. 6. Asunto materia TFM: aprobación de solicitudes (8) de convocatoria adiantada; aprobación de solicitudes (2) de nova titoración/título TFM; nomeamento e asignación de tribunais para a convocatoria adiantada; criterios de composición e nomeamento de tribunais para as convocatorias ordinarias 2018. 7. Rogos e preguntas	 Acta_CAM_2017_11_15.pdf
18/01/2018	1. Aprobación, se procede da(s) acta(s) da(s) CAM precedente(s). 2. Informe do Coordinador. 3. Aprobación de asignación definitiva de tribunais e de día/hora de actuación para a Convocatoria Adiantada de TFM (xaneiro 2018). 4. Asignación de titores académicos para os 11 solicitantes de Prácticas Externas do curso 2017-2018. 5. Rogos e preguntas.	 Acta_CAM_2018_01_18.doc
01/02/2018	1. Aprobación, se procede da(s) acta(s) da(s) CAM precedente(s). 2. Informe do Coordinador. 3. Proposta de concesión de Matrícula de Honra para TFM lido na convocatoria adiantada (xaneiro 2018). 4. Solicitude de prácticas externas fóra de prazo. 5. Rogos e preguntas.	 Acta_CAM_2018_02_01.doc
01/03/2018	1. Aprobación, se procede da(s) acta(s) da(s) CAM precedente(s) 2. Informe do Coordinador 3. Modificación da memoria do Máster para o curso 18-19 segundo as indicacións recibidas no Informe provisional de avaliación emitido pola ACSUG 4. Aprobación do límite de prazas e PDA do Máster para o curso 18-19 e proposta de distribución de bolsa de horas desgravables en POD 5. Aprobación da listaxe definitiva de TFM's para as convocatorias ordinarias de (xuño e xullo) de 2018 e proposta de asignación de tribunais xulgadores 6. Proposta de convocatoria de bolsas propias de mobilidade para a realización de prácticas dos alumnos no presente curso 17-18. 7. Rogos e preguntas	 Acta_CAM_2018_03_01.pdf

09/04/2018	1. Aprobación, se procede da(s) acta(s) da(s) CAM precedente(s) 2. Informe do Coordinador 3. Debate e aprobación, se procede, do POD do Máster para o curso 18-19 4. Asuntos de Prácticas: informe favorable, se procede, de convalidación de prácticas (2º prazo marzo 2018); aprobación da listaxe definitiva de prácticas académicas (abril-maio 2018); conformación definitiva da convocatoria de bolsas propias de mobilidade para a realización de prácticas 5. Rogos e preguntas	 Acta_CAM_2018_04_09.pdf
13/06/2018	1. Aprobación, se procede da acta da CAM precedente (09/04/2018) 2. Informe do Coordinador. 3. Informe ACSUG de avaliación para a renovación da acreditación. Aprobación, se procede, de alegacións ao devandito informe. 4. Asuntos de TFM: modificación da solicitude de tutorización da alumna Nuria Filgueira; asignación de tribunais e día/hora de actuación para lectura e defensa de TFMs na convocatoria de xuño. 5. Rogos e preguntas	 Acta_CAM_2018_06_13.pdf
10/07/2018	1. Aprobación, se procedese, da listaxe provisoria de admitidos/excluídos no 1º prazo de matrícula (10/07/2018) 2. Aprobación, se procedese, da asignación de tribunais e día/hora de actuación para lectura e defensa de TFMs na convocatoria de xullo 2018.	 Acta_CAM_2018_07_10.pdf
24/07/2018	1. Asuntos de matrícula no curso 2018-2019: listaxe definitiva de admitidos/excluídos no 1º prazo de matrícula (17/07/2018), listaxe de alumnos efectivamente matriculados no 1º prazo (23/07/2018) 2. Asuntos de TFM: asignación de unha (1) matrícula de honra entre os tres (3) TFMs propostos polos tribunais nas convocatorias de xuño e xullo de 2018.	 Acta_CAM_2018_07_24.pdf

3.3. ACCIÓNS ACADÉMICAS DOCENTES: HORARIOS, AVALIACIÓN, TFM, PRÁCTICAS, GUÍAS DOCENTES, PLATAFORMA TELEDOCENCIA, ADMISIÓN DE ALUMNOS

➤ Guías Docentes (DocNet)

15/06/2017: Primeira revisión do coordinador das guías docentes do Máster curso 2018/2019, corrixindo e bloqueando os apartados de competencias e resultados da aprendizaxe.

20/06/2017: Comunicación por mail a tódolos profesores coordinadores de materias, enviándolle un documento con instrucións, novidades e indicacións para proceder a elaborar a guía docente de cadansúa materia.



Instruccions-novidades
des DocNet 17-18 M

21/06 a 10/07/2017: Revisión do coordinador das guías docentes enviadas polo profesorado, corrixindo as eivas, erros ou incongruencias onde foi necesario facelo. Bloqueo final da aplicación unha vez que todas as materias estiveron revisadas.

11/07/2017: Aprobación das Guías Docentes na CAM.

➤ Calendario, horarios, probas de avaliación, cronograma do TFM

Xullo/2017: Elaboración por parte do Coordinador do calendario xeral do Máster, das datas límite de probas de avaliación (exames, entrega de traballos) e cronograma

xeral do TFM (solicitudes de titoración, datas de depósito, datas de lectura). Tamén se elabora, coa axuda da ferramenta Google Calendar, unha proposta de horarios semanais concretos de tódalas sesións *e-meeting* das materias, que é remitida ao profesorado para que a analicen e fagan as alegacións que estimen oportunas.



calendario general
master 2017-2018 (A evaluación Master 1



Fechas limite



Calendario general
TFM curso 2017-2018



Horarios Master
HTCO3 2017-2018.pdf

Setembro/2017: Revisión e corrección dos horarios e cronogramas segundo as alegacións recibidas dos profesores. Aprobación destes documentos na CAM celebrada o 07/09/2017, subíndose posteriormente á web para a súa difusión pública.

➤ Plataforma de teledocencia *Moodle* e de multivideoconferencia *e-meeting*

Setembro/2017 a Xaneiro/2018: Revisión, fiscalización e axuda por parte do coordinador dos contidos e funcionamento da plataforma Moodle de cada materia. Asesoría aos alumnos no manexo e funcionamento destas ferramentas informáticas, especialmente das sesións de videoconferencia por *e-meeting*.

➤ Cronograma e asignación de Prácticas externas

Setembro/2017: Elaboración, por parte da coordinadora de prácticas, do cronograma xeral de desenvolvemento da materia.

Xaneiro/2018: Asignación de titores académicos para os 11 solicitantes de Prácticas Externas (CAM do 18/01/2018), a proposta da coordinadora de prácticas.

Abril/2018: Aprobación da listaxe definitiva de prácticas académicas (CAM do 09/04/2018)



Listado_practicas_e
xtenso_2017_2018_c

➤ Aceptación de solicitudes e asignación de tribunais para lectura e defensa de TFMs.

Xaneiro/2018: Aprobación de asignación definitiva de tribunais e de día/hora de actuación para a lectura de TFMs en Convocatoria Adiantada (CAM do 18/01/2018)



Asignacion
tribunales conv adel

Xuño/2018: Aprobación de asignación definitiva de tribunais e de día/hora de actuación para a lectura de TFMs na convocatoria de xuño (CAM do 13/06/2018)

**Asignacion
tribunales conv juni**

Xullo/2018: Aprobación de asignación definitiva de tribunais e de día/hora de actuación para a lectura de TFMs na convocatoria de xullo (CAM do 13/06/2018)

**Asignacion
tribunales conv julic**

➤ **Admisión de alumnos/as para matrícula no Máster (1º e 2º prazo).**

Xullo e Setembro/2017: Publicación das listaxes de admisión de alumnos no Máster, tanto no 1º prazo (xullo) como no 2º (setembro), aprobadas nas CAM respectivas 11/07 e 07/09 de 2017. Dado que houbo mais solicitudes que prazas disponibles, as listaxes tiveron que ser valoradas e baremadas pola CAM.

**MASTER HTCO3
LISTADO DEFINITIVO****MASTER HTCO3
LISTADO DEFINITIVO**

3.4. ACCIÓN ACADÉMICAS DA TITULACIÓN: MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS, ACREDITACIÓN DA TITULACIÓN

➤ **Modificación do plan de estudos do Máster (para implantar no curso 18/19)**

Febreiro-Marzo/2017: Declaración de intencións de modificación da memoria do Máster (CAM do 23/02/2017). Debate e aprobación das directrices e criterios xerais para a devandita modificación (CAM do 29/03/2017). Constitución da comisión redactora da modificación do título, formada basicamente polo coordinador, secretario e vocal da CAM.

Abril-Maio-Xuño/2017: Labores de redacción das modificacións da memoria do título (corrección de textos, elaboración de fichas e cadros, etc). Envío do primeiro borrador á Vicerreitoría, recibíndose un escrito con alegacións por parte da VOAP. Asunción destas alegacións (CAM do 13/06/2017).

Xuño-Xullo/2017: Aprobación da memoria modificada en Xunta de Centro (30/06/2017) e ratificación posterior na CAM (11/07/2018).

Febreiro/2018: Notificación de alegaciones menores por parte da ACSUG, que son solventadas no documento (CAM do 01/03/2018).

Xuño/2018: Aprobación definitiva polo Ministerio da memoria modificada do título (12/06/2018).

**2018 MEMORIA
DEFINITIVA MEC MÁ**

➤ **Acreditación da titulación**

Marzo-Abril/2018: Informe de autoavaliación para a acreditación do Máster (06/03/2018) e preparación da documentación, protocolo e actuacións para a visita de avaliación da comisión delegada da ACSUG.

08/05/2018: Visita de avaliación da comisión delegada da ACSUG á Facultade en Ourense.

Maio-Xuño/2018: Informe provisional favorable emitido pola ACSUG (29/05/2018), ao que a Facultade decide presentar escrito de alegacións, que non son atendidas, emitindo a ACSUG informe favorable definitivo con data 25/06/2018.



100718 IF M
Valoración Patrim Ci

IV. CONCLUSIONES

A pesar de que a inicios do mes de febreiro de 2017 se produciron cambios importantes na dirección do Máster (elección dun novo coordinador e nomeamento dun novo secretario), esto non semella que tivese consecuencias graves na organización da CAM e o desenvolvemento das accións docentes e académicas necesarias durante o curso 2017-2018.

Os primeiros traballos desenvolvidos foron a aprobación da PDA e POD para o curso en cuestión (febreiro-marzo 2017) para, posteriormente (xuño-setembro 2017), proceder coa elaboración, revisión e aprobación das Guías Docentes, a elaboración e aprobación de calendarios, horarios e probas de avaliación, ou ben a publicación das listaxes de admisión, que necesariamente tiveron que ser baremadas porque felizmente houbo mais demanda que prazas disponibles (20), quedando un bó número de solicitantes en lista de espera. En setembro tamén foi programado e aprobado o plan de acción tutorial (PAT), levado a cabo polo profesor responsable do mesmo (Adolfo Fernández Fernández).


As acción de índole docente estiveron encamiñadas a mellorar e optimizar os recursos didácticos dun Máster que é exclusivamente virtual e semipresencial, como poden ser a especial atención aos contidos e funcionamento das plataformas de teledocencia (Moodle) e videoconferencia (e-meeting). Tamén se intentaron organizar de modo mais coherente e operativo tanto as Prácticas externas como, especialmente, o TFM (cronograma detallado, protocolo de actuación e defensa en cadansúa convocatoria de lectura).

Amáis das accións docentes, tiveron unha especial relevancia durante este curso 17-18 as accións de índole académica, centradas na modificación do plan de estudos do Máster para o curso 18-19 e mais na renovación da acreditación da titulación.

Os traballos de modificación da memoria da titulación, vixente desde 2014, ocuparon boa parte da dedicación e esforzos da coordinación e da CAM durante o primeiro semestre de 2017 (de marzo a xullo). As modificacións eran aparentemente menores, centrados esencialmente na reestruturación do plan de estudos, pero implicaron finalmente un arduo traballo de revisión de todo o conxunto da memoria, coa elaboración de novas fichas de materias e a redacción practicamente nova de moitos textos da memoria. Finalmente resultou aprobada en tempo e forma polos organismos competentes (Ministerio, ACSUG), o cal permitiu a súa implantación sen problemas xa no actual curso 18-19.

As accións de preparación para a renovación da acreditación da titulación, levadas a cabo nos meses de abril-xuño de 2018, foron mais de responsabilidade do Centro (Fac. Historia, Comisión de Calidade) que da propia CAM, aínda que esta colaborou activamente nas mesmas. O informe de avaliación para a renovación da acreditación foi finalmente favorable.

Ourense, a 26 de setembro de 2018

A handwritten signature in blue ink, consisting of a series of fluid, connected strokes. The signature is positioned above the typed name and title.

Asdo. Fermín E. Pérez Losada
Coordinador do Máster HTCO3